

CÓDIGO	E3
Nome do entrevistador	E
Lugar da entrevista	Noia
Fecha	27/04/2015
Tipo de entrevistado	Usaria con depresión crónica

E: ¿Cantos anos tes?

E3: Cincuenta e nove.

E: ¿Qué día nacestes?

E3: O un do cinco do 1956.

E: E ¿Dónde vivías na túa infancia?

E3: En (nome do pobo).

E: ¿Con teus pais?

E3: Si.

E: E ¿De dónde eran teus pais?

E3: Papá era de (nome da parroquia) e miña nai de (nome do pobo).

E: E ¿A qué se dedicaban?

E3: Ela a agricultura, el era albañil.

E: ¿Hasta qué nivel educativo estudiastes?

E3: Hasta os catorce anos.

E: E ¿En qué colexio?

E3: No colexio da aldea.

E: E ¿Cómo era a situación dentro do colexio?

E3: Boa, si.

E: ¿Qué aprendestes no colexio?

E3: Pois aprendín a coser, a calcetar, a ganchillar despois o resto do día en vez de ir o recreo pois quedaba a facer cousas na escuela.

E: ¿Gustábache?

E3: Moito.

E: ¿Traballastes algunha vez?

E3: Si, na casa e no campo. Despois cando me casei, con 23 anos, pois nunha librería en (nome da vila) que agora está meu fillo o mediano.

E: E ¿Hasta que anos traballastes na librería?

E3: Hasta os 47 .

E: ¿Cál é o teu estado civil?

E3: Casada, e teño dous nenos.

E: Céntame entonces,¿Como foi a formación da parexa?,¿Cómo coñecestes o teu marido?

E3: Conocino nunha festa con trece anos e foi o único mozo que tuven hasta que me casei con el.

E: ¿A qué anos tuvestes os fillos?

E3: Con vinte e outro con vinte e seis.

E: ¿Están traballando os dous?

E3: Si.

E: ¿De qué traballan?

E3: O primeiro é cociñeiro e o outro na librería.

E: Moi ben.¿A relación de parella é boa?

E3: Si moi boa.

E: ¿Qué tipo de enfermidade tes?

E3: Distrofia muscular.

E: ¿E tes que visitar o médico?

E3: Si.

E: ¿Cada canto tempo tes que ir?

E3: Cada seis meses, sete.

E: E tes algunhas discapacidades recoñecidas?

E3: Eu teño discapacidade nas mans non podo girar unha tortilla nin escurrir unha caldeirada e para barrer ou planchar costame moito traballo...

E: ¿Cando descubristes que tes esta enfermidade?

E3: Hai vinte e tres anos.

E: E ¿como te sentistes no momento en que che din mira tes esta enfermidade?

E3: Tardaron sete anos en saber o que tiña.

E: E no momento no que che dan o diagnóstico,¿consideras que foi a mellor a túa situación ou o contrario?

E3: Cando mo dixeron foi un shock porque non podes traballar máis e unha afeitada a traballar día e noite, cos nenos e todo non durmía, non durmía nunca...

E: ¿Nunca?

E3: Nunca (risas).

E: (risas).

E3: Si eso durmía un pouco na mesa a mañan.

E: Vale e consideras que a raíz da túa enfermidade pasaran cousas que puideran pois cambiar cousas cos teus amigos ou a túa relación de parexa?

E3: No todos me apoiaron.

E: Contame,¿Como foi o proceso de formar a túa propio o teu propio hogar?

E3: El estuvo en Suiza once temporadas eu fun alá o médico tamén alí foi donde me descubriron o que tiña, que aquí non foron capaces pastillas pastillas e pastillas chegei a tomar sete pastillas diarias, moitas e o meu marido sempre me apoiou e os meus rapaces e a miña familia.

E: E ¿Con que anos te casastes?

E3: Con 19 anos

E: ¿Cando te fostes a vivir con el?

E3: De casada.

E: Em... ¿Qué é o que che gusta facer no teu tempo libre hoxe en día?

E3: Coso, leo e vou a pintura, pintamos a óleo, a óleo.

E: E qué é o que fas na Creba?

E3: Pois estou no taller de cestos.

E: Estuvestes antes en algún outro taller?

E3: Si, pero os cestos é o que máis me gusta porque pola miña enfermidade é o que mellor se me da.

E: E ¿Cantos anos levas na Creba?

E3: Pois levo quince anos

E: Vale e ¿Qué expectativas tes cara o futuro?

E3: A min gustaríame volver a Suiza e o meu marido tamén e máis a Argentina, que teño alá uns tíos e primos.

E: Pois esto é todo moitas gracias por facerme a entrevista.